**Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 22 de abril de 2025**

**[JCCP/MCVR]**

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **22 de abril de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Manuel Santos Costa
(Secretario)

**Vogais:**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**
Miguel Fidalgo Iglesias
Patricia García González
Argimiro Marnotes Fernández
(en substitución de Noelia Pérez López)
Paula Mouzo Mas
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Dona Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Juan Manuel Casares Gándara)
María Felisa Rodríguez Carrera
(en substitución de Julio García Comesaña)
Cristina Sanz Arias

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Óscar Insua Lema
Rosana Pérez Fernández
Brais Ruanova Vilas-Boas

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):**
María Elena Espinosa Mangana
Patricia Iglesias Rey

**Comparecente:**
Directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria

**Letrado:**
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, a Presidencia informa que Armando Ojea Bouzo (M) excusou a súa asistencia.

**Punto 1. Preguntas**

**1.1 18885 (12/POC-003160)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis**
**Sobre a dotación económica, por áreas sanitarias, prevista polo Goberno galego para afrontar o seu plan de incorporación de cirurxía menor na atención primaria, no que se inclúen medidas de formación, incorporación de persoal, homoxeneización de servizos e adquisición de tecnoloxía**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153f3, do 06.02.2025***

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Espinosa Mangana, María Elena (S)**, que comeza a intervención amosando o seu malestar e criticando a Xunta de Galicia por non contestar a esta pregunta con anterioridade e mesmo solicitara o seu aprazamento; pasando a continuación a formular as cuestións que se plantexan na mesma, facendo especial fincapé nas preguntas 4 e 5.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria (Consellería de Sanidade), Sofía López Linares.**

Na rolda de réplica a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S)**, manifesta a súa insatisfacción ante a información facilitada e lamenta que non contestara ás preguntas 4 e 5 sobre as que amosara especial interese.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención da **directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, Sofía López Linares,** que reitera e amplía o manifestado na súa intervención inmediatamente anterior.

*A Presidencia agradece a presenza da señora López Linares nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.*

*O señor Trenor López abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

**2.1 3571 (12/PNC-000451)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

PARLAMENTO DE GALICIA

**Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 4 máis**
**Sobre a demanda ao Goberno galego da incorporación da Sociedade Impulsa Galicia ao espectro de sociedades públicas autonómicas para poder sometela a control público**
***Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024***

O **señor Fernández Alfonzo, Ramón (BNG),** explica os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, para manifestar a súa concordancia co que se demanda na iniciativa de impulso, polo que adianta o apoio do seu grupo á mesma.

Nesta mesma rolda o **señor Trenor López, Gonzalo (P),** logo de amosar diversas discrepancias coa intervención do propoñente, defende a postura da Xunta de Galicia a este respecto.

Na rolda de puntualizacións o **señor Fernández Alfonzo, Ramón (BNG**), expón diferentes consideracións sobre o posicionamento manifestado polo voceiro do G.P. Popular de Galicia, insiste na defensa da súa proposta e agradece o apoio amosado polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

*O señor Trenor López incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión, e pasa a ocupar a Presidencia unha vez que abandona a mesma a señora Presas Bergantiños para ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.*

**2.2 3714 (12/PNC-000469)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis**
**Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante no referido ás recomendacións do Consello de Contas recollidas nos últimos informes emitidos por este organismo relativos á Conta Xeral da Comunidade Autónoma**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28f1, do 22.05.2024***

A Presidencia, previamente, comunica que o G.P. do Bloque Nacionalista Galego presentou unha automenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 24283), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra a **señora Presas Bergantiños, Noa (BNG)**, quen, tras xustificar a autoemenda, procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, intervén en primeiro lugar a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** para amosar o apoio do seu grupo a esta proposición non de lei.

Nesta mesma rolda a **señora Sanz Arias, Cristina (P),** tras rexeitar moitas das argumentacións expostas polas voceiras que a precederon no uso da palabra, defende a postura da Xunta de Galicia e solicita a votación por puntos.

A **señora Presas Bergantiños, Noa (BNG**), fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, tras amosar a súa discrepancia cos argumentos da voceira do grupo maioritario e sinalar que non acepta a votación por puntos.

*Rematado o debate desta iniciativa a señora Presas Bergantiños, incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.*

**2.3 10851 (12/PNC-001020)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**
**Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que inste a sociedade Recursos de Galicia para que cumpra coas recomendacións do último informe de fiscalización realizado polo Consello de Contas relativas á súa actividade**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88f1, do 20.09.2024***

A **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, fai uso da palabra en primeiro lugar o **señor Ruanova Vilas-Boas (BNG)**, quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

Nesta mesma rolda a **señora Sanz Arias, Cristina (P),** tras amosar diversas discrepancias cos argumentos expostos pola/o voceira/o que o precederon no uso da palabra, defende a postura da Xunta de Galicia.

Na rolda de puntualizacións a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** expón diversas consideracións sobre as razóns de rexeitamento da iniciativa por parte do grupo maioritario e agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

PARLAMENTO DE GALICIA

**2.1 3571 (12/PNC-000451), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

**Votos a favor:..... 7**
**Votos en contra: ..... 9**
**Abstencións: ..... 0**

**2.2 3714 (12/PNC-000469), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

**Votos a favor:..... 7**
**Votos en contra: ..... 9**
**Abstencións: ..... 0**

**2.3 10851 (12/PNC-001020), do G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

**Votos a favor:..... 7**
**Votos en contra: ..... 9**
**Abstencións: ..... 0**

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece o traballo e colaboración dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:35 horas.

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2025.05.12 12:51:52 +02'00'

**V. e pr.**
**Noa Olalla Presas Bergantiños**
**Presidenta da Comisión**

Manuel Santos Costa

**Manuel Santos Costa**
**Secretario da Comisión**

Firmado digitalmente por Manuel Santos Costa
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Manuel Santos Costa, email=manuel.santos.costa@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.05.12 11:37:33 +02'00'